



### **VISITA A SANTIAGO**

Antes de rematar o ano santo, todos os nenos e nenas do CEIP Monseivane fixeron unha saída a Santiago de Compostela: visitaron a catedral, viron como se movía o botafumeiro,... e tamén percorreron as rúas históricas da cidade. Podes ver as fotos no seguinte enlace

<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=62>

### **CASA DAS CIENCIAS \_ MUSEO DO HOME \_ ACUARIO**

O día 20 de xaneiro de 2011 vistamos a Casa das Ciencias, o Museo do Home e o Acuario en Coruña. Foi unha excursión completa que nos aportou moitas experiencias interesantes.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=63>



### **CEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ**



O venres 28 de xaneiro celebramos o día da paz. Fixemos un tren con vagóns cargados con símbolos da paz feitos nas distintas clases: pombas, corazóns,... Cantamos tamén a canción "No dudaría" de Antonio Flores, leronse contos e poesías alusivas á paz

<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=64>

### **CENTRAD**

O Centro de Artesanía e deseño de Lugo concedeunos dous obradoiros para o centro, un de cestería e outro de reciclaxe de papel. O de cestería impárteo Idoia Cuesta e desenvolveuse do 31 de xaneiro ao 2 de febreiro 2011





### **GATO CON BOTAS**



O día 02 de febreiro de 2011, os nenos e nenas de educación infantil e 1º ciclo de educación primaria acercaronse ao Auditorio Carmen Estévez de Vilalba para presenciar a representación "El gato con botas" de Einaescola. Esta actividade está subvencionada pola área de Cultura do Concello de Vilalba

### **COMENIUS**

Unha vez máis temos intención de participar nun novo proxecto Comenius. Actuamos como centro coordinador e temos centros asociados en Portugal, Italia, Alemaña, Reino Unido, Bulgaria e Turquía. Os temas a desenvolver son os xogos tradicionais e a historia dos nosos colexios.



### **ANTROIDO**



O tema que escollemos para celebrar o Antroido este curso 2010/2011 foi representar unha boda: teremos o noivo, a noiva, os camareros, os invitados,... (poderedes ver as fotos na nosa páxina web)

Máis información na nosa páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane>

Teléfono e fax: 982511404

Email: [ceip.monseivane@edu.xunta.es](mailto:ceip.monseivane@edu.xunta.es)